

ORDENANZA FISCAL NÚM. 42

TAXA POR ESTANZA NOCTURNA EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

ARTIGO 1. CONCEPTO.

De conformidade co que se prevé no **artigo 20.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo**, polo que se aproba o **texto refundido da Lei reguladora das facendas locais**, este concello establece a taxa pola prestación do servizo de estanza nocturna en instalacións municipais. Os locais a utilizar serán as instalacións deportivas municipais ou outras instalacións. Só se poderá solicitar unha noite por persoa ou grupo de persoas. O horario permitido de estanza será no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 20 de xuño e entre o 1 de setembro e o 31 de decembro, de luns a venres, das 23 horas dun día ás 20 horas do día seguinte, cun horario de entrada dende as 23 horas ata as 24 horas; e, no período comprendido entre o 21 de xuño e o 31 de agosto e os fins de semana de todo o ano, das 16 horas dun día ata as 10 horas do día seguinte, cun horario de entrada dende as 16 horas ata as 22 horas.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible a utilización das instalacións municipais existentes no municipio para pasar a noite, co cumprimento das normas de uso de cada un dos establecementos.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o **artigo 35.4 da Lei xeral tributaria** que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden as prestacións a que se refire a presente ordenanza.

ARTIGO 4. RESPONSABLES.

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os **artigos 42 e 43 da LXT.**

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria será a resultante de aplicar a seguinte tarifa:

- a) Pola utilización das instalacións municipais mencionadas para pernoctar: 2 euros por persoa e día.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN.

O aboamento da taxa realizarase no momento da entrada no local a que se refire a presente ordenanza, a cuxo efecto será entregado o ticket correspondente polos medios que poña a disposición o Concello. No caso de grupos de persoas que soliciten a estancia con antelación ou aboamento da taxa realizarase mediante transferencia bancaria na conta que se sinale polo Concello, debendo acreditarse o pago da taxa con carácter previo á estancia.

A alcaldía determinará as instalacións municipais e o calendario no que se poderá facer uso das instalacións citadas para a finalidade descrita no **artigo 2.**

En todo caso, os usuarios deberán coidar as instalacións con dilixencia, as cales deben deixarse ordenadas e limpas, e verter o lixo nos colectores. Ademais, non se permite cociñar no interior das instalacións municipais.

ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Non relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan, estarase ao que se dispón nos **artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.**

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza fiscal aprobouse polo Pleno da corporación celebrado o día 29/01/2010, entrará en vigor e será de aplicación

ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia,
e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación
expresa.